

## Acta da sesión do 6 de abril de 2021

Da comezo a sesión da Comisión Permanente da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais ás 16:10 horas na Sala de Xuntas virtual do Decanato, unha vez que se cubre o quórum preciso en primeira convocatoria.

### Asistentes:

#### **PDI**

Castro Fernández, Ana Esther;; De Miguel Palacios, Carlos Juan; Falagán Mota, Jorge; Ferro Soto, Carlos Antonio; Garza Gil, María Dolores; González Savignat, M<sup>a</sup> del Mar; Lorenzo Alonso, Pedro; Roca Pardiñas, Javier; Vázquez Pampín, Carmen; Vila Alonso, Mercedes; Vila Biglieri, Jorge E.

#### **Alumnado**

Iglesias Allica, Malena; Lloves Herbón, María Asunción; Rodríguez Pérez, Carla;

### Único punto do orde do día:

**Aprobación, se procede, de modificación puntual do acordo de Comisión Permanente de 19 de outubro de 2020, sobre realización de probas presenciais de avaliación continua, co obxecto de garantir o cumprimento do artigo 25, punto 3, do Estatuto do Estudiante universitario (“BOE” núm. 318, de 31/12/2010).**

As 16:10 comeza a sesión desta Comisión Permanente.

Jorge Falagán (J.F.) expón o motivo da celebración desta sesión: hai unha queixa formal de una alumna a través da caixa de correos de QSP e cremos que é necesario tomar unha postura que sexa compatible coa lexislación vixente. Móstrase o correo electrónico da alumna que foi a base para a queixa formal presentada posteriormente. O argumento que utiliza a persoa que presenta a queixa ten que ver cos problemas laborais e o solapamento de materias á hora de realizar probas parciais coa quenda cambiada, que é o que aprobamos en Comisión Permanente do 19 de outubro de 2020.

Infórmase que se fixo unha consulta á Área de Calidade e trasladáronlles unha serie de precisións que se comunicaron ao PDI responsable da materia e ao director do Departamento implicado no problema. Desde o decanato solicitamos que se contemplase a solución que indicaba a área de Calidade da Universidade. Como o Departamento implicado manifestou que non estaba de acordo tomouse a decisión de facer unha consulta coa asesoría xurídica da Universidade. A resposta dá asesoría xurídica foi que a lei di que debe de garantirse a participación dos estudantes. Esta resposta comunicóuselle á estudante e iso levoulle a presentar unha queixa oficial o 22 de marzo do presente ano. É por todo isto polo que estamos aquí, para poñer en coñecemento dos membros desta Comisión este problema e tratar de arbitrar unha solución que vaia no sentido de garantir que os estudantes poidan participar na avaliación continua.

Ocorréusenos que unha posible saída, aínda que é simplemente un punto de partida para tratar de arbitrar unha saída ao problema, sería a de propor unha excepción no caso de que o/a estudante acredite que na quenda no que non ten clase non poida presentarse ao exame por razóns laborais.

Jorge Vila Biglieri: Hai mais alternativas que esta?

J.F.: Non é unha solución que expomos desde o decanato, só era unha posibilidade pero o debate está aberto. Non traemos unha postura concreta.

Jorge Vila: Se se presenta un xustificante convenientemente acreditado, como en calquera outra situación, poderíase facer unha excepción.

J.F.: Sendo racional a solución que se comenta ten o problema de que o alumno que por exemplo asista a docencia en quenda de mañá e que acredite que non poida realizar o exame en quenda de tarde por razóns laborais, teña que realizar o exame en quenda de mañá solapándose con outras clases de quenda de mañá, o que implicaría que perdería a posibilidade de acudir á docencia desas clases.

Carlos Ferro: No primeiro cuadrimestre tivemos esa casuística, pero como foron casos puntuais, previa xustificación, aceptáronselles as peticións.

Hai outra limitación que é a dos espazos COVID nas aulas. Debería facerse a petición coa suficiente antelación (1 semana, por exemplo) para que non haxa problemas neste sentido.

J.F.: Unha semana de petición previa pode ser un prazo demasiado longo.

Ana Esther Castro: O que propón Carlos Ferro en canto á solicitude con días de antelación é importante. Deberíamos de establecer un prazo determinado.

Carlos de Miguel: Se os alumnos tivesen o cronograma de probas con moita antelación podería solucionar, en moitos casos, a maioría dos problemas que se nos puidesen expor neste sentido. Tamén indica que hai moitas casuísticas, a das razóns laborais é unha pero non é a única, e moitas veces son difíciles de xustificar documentalmente.

Carla Rodríguez (Chat): Se se teñen persoas dependentes poden ser un motivo para o cambio de quenda?

Gustavo Rodríguez pregunta si se esta resolvendo un caso particular.

Jorge Falagán: Si, se está resolvendo un caso particular pero a solución ao mesmo pode ser moi útil para casos que se poidan presentar no futuro.

Expón engadir unha apostila ao texto do acordo de Comisión Permanente do 19 de outubro que contemple a problemática que estamos a tratar.

Carlos de Miguel apunta que no caso dos alumnos do grao de ADE teñen a posibilidade de facer as probas en dúas quendas distintas pero en Economía, onde só hai clase pola mañá, a redacción que se expón non valería.

Hai varias intervencións que expoñen alcanzar un acordo nesta Comisión Permanente para resolver unicamente o caso que a xerou, Finalmente decídese aprobar un texto xeral que contemple todos os posibles casos que poidan presentarse a partir de agora e que se engadirá ao acordo de C.P. do 19 de outubro de 2020 sobre realización de probas presenciais de avaliación continua. Engadiráselle a este acordo unha apostila para que a persoa que presentou a QSP orixe desta Comisión Permanente non teña que cumprir o prazo estipulado no acordo dada a premura do exame. Tras un breve debate acórdase un texto que se somete a votación do pleno da Comisión Permanente:

*“En cumprimento do expresado no artigo 25.3 do Estudiante Universitario, o estudiantado ao que o punto anterior non lle garanta a realización dos devanditos exames terá dereito a realízalos na súa quenda de docencia ou noutra data e hora acordada co profesorado responsable da materia, previa acreditación documental dunha causa contemplada na lexislación vixente nun prazo superior a unha semana da data de celebración da proba”.*

*Este prazo dunha semana non afectará á persoa que presentou a QSP o 22 de marzo de 2021.*

**APROBADO POR ASENTIMIENTO.**

As 17:20 horas remata a C.P.

O Presidente  
*Jorge Falagán Mota*

O Secretario  
*Pedro Lorenzo Alonso*